
 (Disposición Vigente)



Inscripción y publicación del Convenio Colectivo de transporte de viajeros en autobús por carretera de la provincia de A Coruña 2018-2020. - Resolución de 9 de agosto 2018.

[LEG 2018\9282](#)

 CONSOLIDADA

TRANSPORTE DE VIAJEROS EN AUTOBÚS POR CARRETERA.. Inscripción y publicación del Convenio Colectivo de transporte de viajeros en autobús por carretera de la provincia de A Coruña 2018-2020..

DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

BO. A Coruña 16 agosto 2018, núm. 155. ; rect. BO. A Coruña , núm. 156. (castellano)



Logo de constituirse a comisión negociadora do convenio colectivo de transportes de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, 2018-2020 (código de convenio 15001545011981), subscríbese con data 12 de abril de 2018 o convenio colectivo e solicítase a súa inscrición e publicación con data 1 de xuño de 2018.

Con datas 10 de xullo e 6 de agosto de 2018 achéganse alegacións ós requirimentos de datas 22 de xuño e 26 de xullo de 2018.

De acordo co disposto no [artigo 90](#) e concordantes do [Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro \(RCL 2015, 1654\)](#) , polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no [artigo 2.1](#) e concordantes do [Real Decreto 713/2010 \(RCL 2010, 1565\)](#) , do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na [Orde do 29 de outubro de 2010 \(LG 2010, 492\)](#) pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG Núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria de A Coruña é competente para resolver a inscrición do convenio colectivo de transportes de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, 2018-2020 e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co [artigo 35](#) do [Decreto 135/2017 \(LG 2018, 34\)](#) , do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG Núm 18, de 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.

A inscrición do convenio colectivo de transportes de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, 2018-2020 no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.

A remisión do convenio colectivo de transportes de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, 2018-2020 ó Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

Convenio colectivo provincial de transporte de viaxeiros en autobus por estrada da provincia da coruña años 2018-2020

Artigo 1. Ámbito de aplicación

O presente convenio será de aplicación para todas as empresas e traballadores do transporte de viaxeiros en autobús por estrada na provincia da Coruña.

Este convenio concértase entre as seguintes partes:

- Por unha banda polas Organizacións Sindicais:

- CIG
- CC.OO
- UGT

- Pola outra banda as Organizacións Empresariais:

- FEGATRAVI
- TRANSVIAC

As Organizacións Empresariais asinantes teñen o 50,12 % de representatividade no seu ámbito e as Organizacións Sindicais o 100 %.

Artigo 2. Vixencia e denuncia

A vixencia do convenio será de tres anos: dende o 1 de xaneiro de 2018 a 31 de decembro de 2020.

A denuncia do convenio farase por escrito con dous meses de preaviso. Unha vez denunciado o convenio colectivo, estará vixente nas súas cláusulas normativas até que sexa substituído por outro novo.

Artigo 3. Respeto de dereitos

Respetarase a todos os traballadores as situacións persoais actualmente consolidadas en canto determinen maiores dereitos que os concedidos por este convenio.

Todos os conceptos salariais teñen carácter normativo e condición mínima indispensable, polo que tal garantía non pode ser afectada por pacto ou renuncia de calquera tipo cos demais efectos e durante os períodos establecidos no artigo 2.

Artigo 4. Táboas salariais

O incremento salarial para o ano 2018 será do 2,0 % con aplicación a todos os conceptos salariais e non salariais, con efectos a 1 de Abril de 2018.

O incremento salarial para o ano 2019 será o I.P.C. do 2018 mais o 0,5 % con aplicación a todos os conceptos salariais e non salariais, con efectos a 1 de Xaneiro de 2019.

O incremento salarial para o ano 2020 será o I.P.C. do 2019 mais o 1,0 % con aplicación a todos os conceptos salariais e non salariais, con efectos a 1 de Xaneiro de 2020

As empresas veñen obrigadas a aboarlle 75 € a tódolos traballadores e traballadoras afectados por este convenio, en concepto de atrasos polo primeiro trimestre do ano 2018. Este abono efectuarase no mes seguinte á publicación deste convenio.

Artigo 5. Antigüidade

O persoal afectado polo presente convenio devengará as antigüidades dacordo coa táboa que segue:

- Aos 2 anos, o 5 por cento do salario base

- Aos 4 anos, o 10 por cento do salario base
- Aos 9 anos, o 20 por cento do salario base
- Aos 14 anos, o 30 por cento do salario base
- Aos 19 anos, o 40 por cento do salario base
- Aos 24 anos, o 50 por cento do salario base
- Aos 29 anos, o 60 por cento do salario base

Artigo 6. Pagas extraordinarias

Establécense tres gratificacións extraordinarias, que se denominarán de Verán, de Nadal e de Beneficios, que se percibirán nos meses de Xullo, Decembro e Marzo en contía de 30 días de salario base e antigüidade das táboas salariais adxuntas.

Artigo 7. Plus convenio

As empresas aboarán un plus de 799,34 euros anuais, repartidos en 12 mensualidades de 66,61 euros, con efectos de 1 de Abril de 2018. Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

Artigo 8. Plus consolidado

Os traballadores que, á sinatura do presente convenio, viñeran percibindo o plus de acumulación de descansos e redución do descanso entre xornadas establecido no artigo 12 do convenio colectivo do 1984, seguirán percibindo, a título individual, a contía de 0,92 euros por cada día de traballo.

O incremento salarial que procedera pasará a integrarse no plus convenio.

As empresas que, no futuro, fagan uso da facultade establecida no [artigo 9](#) do [RD 1.561/95 \(RCL 1995, 2650\)](#) aboarán dito plus, a título individual, aos traballadores afectados e durante o tempo que dura dita situación.

Artigo 9. Plus de condutor-perceptor

O condutor-perceptor, realice ou non simultaneamente as dúas funcións, percibirá, ademais da remuneración correspondente á súa categoría, un complemento salarial de posto de traballo (plus de condutor-perceptor, PCP) en contía mensual do 20% de 22 días do seu salario base, como mínimo.

A estrutura salarial para os condutores-perceptores conterà os conceptos que seguen:

- Salario base, segundo as táboas salariais.
- Antigüidade, segundo o establecido no artigo 5.
- Plus convenio, nos contías do artigo 7.
- Plus condutor-perceptor, segundo establece o presente artigo.
- Plus quebranto de moeda, segundo o artigo 10.
- Plus consolidado, nos termos recollidos no artigo 8.
- Plus de interrupción de xornada, se procede, nos termos establecidos no artigo 15 f).

O condutor percibirá, ademais da remuneración correspondente á súa categoría, un Plus de Actividades Complementarias coa contía de 89,76 euros mensuais con efectos do 1 de Abril do 2018. Os anos 2019 e 2020

se incrementará según o disposto no art. 4.

A estrutura salarial dos condutores conterà os conceptos que seguen:

- Salario base, segundo táboas salariais.
- Antigüidade, segundo o establecido no artigo 5.
- Plus convenio, nas contías do artigo 7.
- Plus de actividades complementarias, segundo establece o presente artigo.
- Plus consolidado, nos termos recollidos no artigo 8.
- Plus de interrupción de xornada, se procede, nos termos establecidos no artigo 15 f).

Artigo 10. Quebranto de moeda

A gratificación especial de quebranto de moeda queda establecida en 34,08 euros con efectos de 1 de Abril de 2018 e a contía estipulada percibirase mensualmente. Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

Artigo 11. Plus de compensación

Establécese un plus de compensación para o resto do persoal que non estea comprendido nas categorías de condutor-perceptor e condutor e que non tivesen outros pluses ou gratificacións, agás o plus de convenio ou o plus consolidado, que terá un importe de 78,22 euros mensuais con efectos do 1 de Abril do 2018. Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

A estrutura salarial para o resto do persoal, que non estea incluído nas categorías de condutor nin condutor-perceptor, conterà os conceptos que seguen:

- Salario base, segundo as táboas salariais.
- Antigüidade, segundo o establecido no artigo 5.
- Plus convenio, nas contías do artigo 7.
- Plus de compensación, segundo establece o presente artigo.
- Plus consolidado, segundo establece o artigo 8.
- Plus de quebranto de moeda, se procede, segundo o artigo 10.

Os taquilleiros/as, cobrarán o plus de compensación a pesar do indicado no primeiro parágrafo.

Artigo 12. Dietas

As dietas que corresponden aos traballadores nos seus desprazamentos, ao servizo das empresas, serán de 41,42 euros, sen distinción de categorías con efectos do 1 de Abril de 2018. A chamada media dieta de xantar fíxase en 13,81 euros con efectos do 1 de Abril do 2018, correspondendo á pernoctación 13,81 euros con efectos do 1 de Abril do 2018.

Fora de Galicia será de 52,25 euros a dieta completa con efectos de 1 de Abril do 2018 e de 17,42 euros a media dieta con efectos do 1 de Abril de 2018.

Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

Dará dereito ao percibo de dieta completa a realización dun servizo que obrigue ao traballador a xantar, cear e pernoctar fora da súa residencia habitual.

A parte de dieta correspondente á cea percibirase cando o servizo realizado obrigue a efectuala fora da súa residencia habitual ou, en todo caso, cando o produtor salga antes das 20 horas e regrese despois das 22 horas.

A parte de dieta correspondente á pernoctación percibirase cando o servizo realizado obrigue a pernoctar e almorzar fora da residencia habitual e, en todo caso, cando por tal motivo o regreso se efectúe despois das cero horas.

A parte de dieta correspondente ao xantar percibirase cando o servizo realizado obrigue a efectuala fora da residencia habitual e, en todo caso, cando o produtor saia antes das 12 horas e retorne despois das 14 horas.

Artigo 13. Horas extraordinarias

Serán aboadas cun incremento que, en ningún caso será inferior ao 50% sobre o importe da hora ordinaria.

Dadas as especiais características do sector, denominaranse horas extraordinarias estruturais a aquelas horas extraordinarias a que se fai referencia no artigo 1 da O.M. 1-03-83, aos efectos do disposto nas normas de cotización vixentes que lles sexan de aplicación

A opción de compensar as horas extraordinarias traballadas por tempo de descanso realizaranse por mutuo acordo empresa e traballador.

Artigo 14. Plus de nocturnidade

Os traballadores que presten os seus servizos en período nocturno Terán dereito a un plus por ese concepto en contía do 25% sobre o valor da hora ordinaria calculada en base a seguinte fórmula:

$$SB \times 12 / 1.816$$

Se considera traballo nocturno o realizado entre as 22,00 e as 06,00 horas.

Non darán lugar ao devengo deste plus os servizos que terminen ata as 23,00 horas nin os servizos que comecen despois das 05,00 horas.

Os servizos que finalicen a partires das 23,01 horas devengarán o plus de nocturnidade dende as 22,00 horas ata a hora de finalización da conducción. Do mesmo modo, aqueles servizos que comecen antes das 05,00 horas devengarán o plus dende a hora de saída do servizo ata as 06,00 horas, incluíndo en ambos casos os viaxes en vacio que xeneren os servizos mencionados e os tempos de presenza e espera intermedios.

Non terán dereito a este plus aqueles traballadores cuxo salario se houberse establecido atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza ou que fosen contratados especificamente para prestar traballo nocturno, ou que na súa empresa se encontren percibindo algún outro complemento salarial polo mesmo concepto.

Este plus non computará para o devengo e pago das pagas extraordinarias, horas extraordinarias, vacacións ou permisos.

Artigo 15. Denominación do traballo

a) Traballo efectivo.- considerarase traballo efectivo o tempo que media desde que os traballadores se fan cargo do cometido que deben efectuar no seu centro de traballo ata que cesen no mesmo.

Aos fins do presente convenio será traballo efectivo para o persoal de movemento:

1.º. A conducción durante a circulación do vehículo.

2.º. Os traballos auxiliares que se efectúen en relación co vehículo, os seus pasaxeiros e a súa carga.

b) Tempo de presenza.- será tempo de presenza aquel período de xornada no que o traballador, aínda que non preste traballo efectivo, se ache a disposición da empresa, tanto nos locais como no vehículo.

Terán a consideración de tempo de presenza, en relación co disposto no [artigo 8](#) do [RD 1.561/95 \(RCL 1995, 2650\)](#), de 21 de Setembro, as guardias, reténs, expectativas, avarías, comidas en ruta e outras similares nas que o traballador, aínda que non preste traballo efectivo, se atope a disposición da empresa.

O tempo de presenza non excederá de 13 horas semanais.

As horas de presenza non se computarán a efectos de horas extraordinarias, sen perxuízo de que a súa remuneración sexa de igual contía que as horas ordinarias. Poderán, nembargante, computarse a efectos de xornada cando se realicen menos horas de traballo efectivo que as legalmente autorizadas, en cuxo caso poderán ser computadas a efectos de completar a xornada.

c) Tempo de espera e dieta de espera.- terá a consideración de tempo de espera aquel en que o traballador non estea suxeito á vixilancia do vehículo nas localidades que non sexan principio e fin de traxecto.

A primeira hora de cada xornada computarase pola súa totalidade e o resto ao 50%, e se aboarán como tempo de presenza.

Considerarase que o traballador non está suxeito á vixilancia do vehículo cando poda dispor libremente do seu tempo, por non acharse a disposición da empresa.

As esperas en localidades de principio e fin de traxecto fora da residencia do traballador, ou de lugar da súa toma habitual do servizo, non computarán, a efectos de xornada, nin como traballo efectivo nin como tempo de presenza. Por dito tempo, exceptuando o de xantar, cea e pernocta, aboarase unha dieta de espera de 2,15 euros por hora con efectos do 1 de Abril do 2018. Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

Artigo 16. Xornada e descanso

a) A xornada anual será de 1816 (mil oitocentas dezaseis) horas en computo anual, sendo computo semanal de 40 horas e en computo mensual 166 horas. Considerándose horas extraordinarias aquelas que superen as 1816 horas ao ano, as 166 horas ao mes ou as 9 diarias.

Respetaranse os topes máximos de condución establecidos no convenio colectivo, [RD 1.561/95 \(RCL 1995, 2650\)](#) e Regulamentos Comunitarios.

As empresas virán obrigadas a organizar os seus servizos de tal xeito que o persoal descanse dacordo coa lexislación vixente, sendo a regra xeral a dun descanso entre xornadas de 12 horas ininterrompidas e de día e medio de descanso semanal.

b) As empresas virán obrigadas a facer un reparto equitativo dos descansos de fin de semana entre o persoal, sempre e cando as necesidades do servizo o permitan.

No medio día de traballo que completa a xornada e media de descanso non poderán realizarse máis de catro horas e media de traballo efectivo, ou en caso de mediar acumulación de médeas xornadas cada quince días, non poderán superarse máis de 9 horas de traballo efectivo.

Consecuentemente, cando o persoal realice transporte regular de uso xeral ou transporte regular de uso especial, non poderá superar, dende o inicio da súa xornada até o fin da mesma, as 12 horas, agás aqueles supostos nos que extraordinariamente a lexislación vixente establece un descanso de 10 horas entre xornadas. Neste caso, o tempo que vai dende o inicio até o fin da xornada poderase prolongar 2 horas. Cando o persoal realice outros servizos distintos dos anteriores, seralles de aplicación o R.D. 1561/95 e o [Regulamento CE 561/2006 \(LCEur 2006, 798\)](#), dende a entrada en vigor de cada unha das súas disposicións.

En calquera caso en que excepcionalmente se realizase un descanso de menos de 12 horas, compensarase

o tempo descansado de menos, de tal xeito que o tempo descansado de menos nunha semana se agrupe, como máis tardar, ao descanso semanal da que lle segue.

En todo caso, o descanso mínimo entre xornadas será o de 10 horas.

c) O tempo total de conducción non poderá exceder de nove horas diarias.

d) A xornada diaria máxima será de 11 horas cando comprenda situacións de traballo efectivo mais tempo de presenza, agás os recorridos de longa distancia, cando o servizo requira a estancia no vehículo de mais dun condutor.

e) Nos transportes interurbanos ningún traballador poderá conducir de xeito ininterrompido mais de catro horas e media sen facer unha pausa. A duración mínima da pausa será de 45 minutos, sendo susceptibles de fraccionamento ao longo do tempo de conducción, sen prexuízo da entrada en vigor do Regulamento CE 561/2006 ou calquera outra norma de obrigado cumprimento.

En todas as situacións en que sobreparen os topes máximos de xornada, como de presenza, comunicárase tal circunstancia ao Comité de Empresa ou delegados de persoal.

f) Interrupcións de xornada. En servizos dentro da Galiza ou entre a Galiza e provincias limítrofes do Estado Español ou Portugal: Plus de interrupción de xornada.

As interrupcións de xornada inferiores a 30 minutos aboaranse ao valor da hora ordinaria; o exceso de tempo de cada interrupción aboarase a razón de 2,61 euros/hora con efectos do 1 de Abril do 2018.

Os anos 2019 e 2020 se incrementará según o disposto no art. 4.

Consideraranse interrupcións de xornada os períodos de tempo nos que o traballador non realiza traballo efectivo, nin tempo de presenza, dentro dun servizo ou entre dous servizos, agás a interrupción dedicada ao xantar, cea ou pernocta, que non se terá en conta aos efectos deste plus. Compútase o tempo de interrupción dende a hora de chegada a un punto segundo o cadro de servizos e a hora de saída dende eses puntos, tamén segundo o cadro de servizos, para continuar o servizo ou iniciar outro novo.

Enténdese que se a interrupción de xornada é inferior a 30 minutos, aboaranse 30 minutos.

A regulamentación recollida neste apartado será aplicable, alternativamente, unha ou outra a elección do traballador, co réxime previsto neste convenio, nos apartados b) e c) do artigo 15, no referente ao réxime que prevé a regulamentación das comidas en ruta, tomadas as dúas regulamentacións de xeito total.

As condicións recollidas neste apartado serán compensables e absorbibles, en xeral, no referente ao tempo de espera e dieta de espera e en particular en relación co réxime individual actual na materia de cada traballador.

g) Xantar: sinalase a obriga de 1 hora para xantar, como mínimo, entre as 12:00 e as 16:00.

Para o control da xornada establécese un modelo detallado de parte de traballo cuxo contido mínimo se reflexa no ANEXO III e que, en duplicado exemplar, se facilitará pola empresa ao traballador para a súa cumprimentación, dacordo co establecido no Regulamento CE 561/2006.

Artigo 17. Servizos nocturnos a lugares de ocio

A medida que as empresas implanten sistemas de localización de flota, engadirase simultaneamente un dispositivo de aviso de emerxencia (botón de emerxencia).

Artigo 18. Vacacións

Regúlense de conformidade co establecido no Estatuto dos traballadores.

O período total de disfrute das vacacións será de 30 días naturais e non poderán experimentar un

fraccionamento superior a dous períodos. En caso de desacordo decidirá a xurisdición competente.

Durante os períodos de vacacións o salario dos condutores-perceptores e condutores estará composto respectivamente, dos mesmos conceptos que se estivese traballando, en concreto os contidos nos artigos 9, agás o plus de interrupción de xornada.

O salario dos restantes traballadores estará composto dos mesmos conceptos que se estiveran traballando, en concreto os contidos no artigo 11.

Artigo 19. Vacacións remuneradas

Durante a vixencia deste convenio, sempre que o traballador conte cunha antigüidade mínima de 10 anos de servizo na empresa, no caso de xubilación voluntaria anticipada, o traballador terá dereito ao seguinte tempo de vacacións:

- Un ano antes, 55 días de vacacións.
- Dous anos antes, 110 días de vacacións.
- Tres anos antes, 166 días de vacacións.
- Catro anos antes, 242 días de vacacións.
- Cinco anos antes, 284 días de vacacións.

Durante a vixencia deste convenio cando se produza a xubilación á idade establecida regulamentariamente, sempre que o traballador conte cunha antigüidade mínima de 10 anos de servizo á empresa, o traballador terá dereito a 1,2 días de vacacións por ano de servizo

Artigo 20. Permiso de condución

Se, por sentenza firme, calquera condutor se vira privado do permiso de condución, a empresa deberá facilitarlle outra ocupación, aínda que sexa de categoría profesional inferior, polo período de suspensión do permiso, sempre que non exceda de 15 meses, sen perda dos emolumentos que viña percibindo, e que non sexa debida a embriaguez.

Caso de que o período de suspensión do permiso de conducir sexa superior aos 15 meses, e sempre que a retirada non sexa debida a embriaguez, o traballador con mais de dous anos de antigüidade terá dereito, por unha sola vez, a unha excedencia non remunerada polo tempo que dure a suspensión, no seu caso, até que legalmente, poda incorporarse ao posto de traballo que estaba desempeñando habitualmente e dende o momento en que esta se produza, sendo o límite máximo de dita excedencia o que marque a lexislación para a contratación temporal.

Así mesmo, aplicaranse as garantías legais que se indican anteriormente, no caso de condución "in itinere", cun máximo de unha hora antes e outra despois da hora de entrada ou saída do traballo, incluso conducindo o seu vehículo propio.

Artigo 21. Póliza de seguros

Establecese unha póliza de seguros de morte ou invalidez derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional para cada un dos traballadores aos que afecta o presente convenio, consistente na contía de 20.176,64 euros en caso de morte por accidente e de 28.801,32 euros en caso de invalidez permanente total, absoluta e grande invalidez.

Estas contías surtirán efectos a partir do mes seguinte ao da publicación no BOP ou DOG (o que antes o publique).

Artigo 22. Defunción

As empresas indemnizarán, durante a vixencia deste convenio, seis mensualidades dos salarios que figuran na táboa do convenio, mais a antigüidade correspondente, ao familiar do traballador que conviva con el, e por esta orde: 1) Cónxuxe viúvo. 2) fillos. 3) ascendentes, cando aquel faleza estando en activo e leve como mínimo, tres anos na empresa.

Independentemente das mensualidades a que ten dereito, segundo o sinalado anteriormente, aboaráselle a dito familiar do traballador o salario do mes en que o produtor faleza, calquera que sexa a data do seu finamento.

Artigo 23. Pases para xubilados

Os xubilados, pensionistas de longa enfermidade, viúvas e fillos orfos menores de 18 anos dos traballadores falecidos en activo, das empresas de liñas regulares, terán dereito a viaxar nas liñas das súas respectivas empresas como se o traballador estivese en activo.

Artigo 24. Comisión paritaria

Constitúese unha comisión paritaria como órgano de interpretación, arbitraje, conciliación e vixilancia do pactado no convenio, composta por seis membros (dous por cada sindicato asinante) en representación dos traballadores e o mesmo número de representantes das empresas, todos eles vogais escollidos por cada parte.

Tamén formarán parte da mesma, con voz pero sen voto, os asesores correspondentes a ambas as dúas partes.

No caso de imposibilidade de asistencia dalgún dos membros designados, serán substituídos polos suplentes.

A comisión xuntarase cando sexa necesario e a petición de calquera das partes. Os compoñentes da comisión paritaria serán convocados cunha antelación mínima de tres días.

A efectos da comisión paritaria, as horas sindicais consideraranse co mesmo rango que as utilizadas para a negociación colectiva.

Os acordos da comisión requirirán, para a súa validez, a unanimidade de todas entidades asinantes. No caso de non haber acordo, levantarase acta que reflexe as diferentes posturas.

As funcións da comisión paritaria serán as que seguen:

- a) Interpretación da aplicación de todas as cláusulas do convenio.
- b) Arbitraje de todas as cuestións que as partes sometan á súa consideración e que se deriven da aplicación do convenio.
- c) Vixilancia do cumprimento do pactado no convenio.
- d) Análise da problemática sectorial en materia de seguridade e saúde laboral e seguimento do estado de cumprimento nestas materias.
- e) Análise e adaptación da contratación temporal ao sector, valorando a posibilidade de introducir cláusulas que reforcen a contratación indefinida.
- f) Cantas outras actividades tendan á maior eficacia práctica do convenio ou veñan establecidas no seu texto.
- g) Incorporar ao texto do convenio os acordos acadados. Os ditos acordos vinculan a ámbalas dúas partes nos mesmos termos que este convenio e incorporaranse a el como anexo.

As actividades da Comisión poderán realizarse en réxime de Comisión Plenaria, composta por todos os membros ou en réxime de sub-comisións específicas coa composición que a Comisión acorde.

A todos os efectos, fíxase o enderezo da Comisión na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sita

en R/. Algalia de Abaixo, nº 24 baixo de 15781 - Santiago de Compostela.

Artigo 25. Garantías sindicais

a) Seccións sindicais de empresa.

No caso de existir sección sindical, esta poderá facer uso do taboleiro de anuncios para difundir a información e facer reunións, exclusivamente co persoal das empresas e fora das horas de traballo. Para todo ilo deberá comunica-lo cunha antelación mínima de 48 horas á Dirección da Empresa e ao Comité de Empresa.

Isto sen prexuízo das facultades que ás Seccións Sindicais podan outorgar as disposicións legais.

b) Os membros do Comité de Empresa e Delegados de Persoal, en cada centro de traballo, disporán dun crédito de 15 horas mensuais, como mínimo, dentro da xornada, para o exercicio das funcións de representación, sempre que o soliciten con 48 horas de anticipación, en todo caso se respectará a escala de crédito de horas mensuais establecida no artigo 68 [E.T. \(RCL 2015, 1654\)](#)

Respetarase, en todo caso, a escala de crédito de horas mensuais establecida no [art. 68](#) E.T.

A empresa poderá exixir xustificante da utilización concedida, ben do Comité ou da Central convocante. Estes dereitos serán aplicados en caso de que, por disposición legal así se determine.

As empresas que revistan a forma de sociedades darán conta, anualmente, ao Comité de Empresa ou Delegados de Persoal do balanço e conta de resultados.

O recoñecemento de ditos documentos será, a todos os efectos, de carácter reservado.

A dirección da empresa dará conta ao Comité ou Delegados de Persoal de todas as sancións ou despedimentos.

A empresa, a petición dos traballadores afiliados ás centrais sindicais que contén, ao menos, cun 10% afiliados á mesma, descontarán a cuota sindical correspondente do recibo dos salarios, depositándoa na conta bancaria sinalada ao efecto.

c) Excedencias. Ampliase o dereito a solicitar excedencia voluntaria que regula a lexislación vixente, calquera que sexa o tempo que leve o traballador na empresa, cando se base no exercicio do seu cargo sindical.

d) Comité de seguridade e hixiene.

Nas empresas de mais de 50 traballadores, estes deberán elixir un Comité de Seguridade e Hixiene, sendo o Comité de Empresa ou os Delegados de Persoal os que terán que ocuparse da súa tramitación.

e) As empresas poderán pactar cos seus Comités de Empresa ou Delegados de Persoal a acumulación de horas sindicais.

O crédito horario retribuído de que gozan os Delegados de Persoal e membros do Comité de Empresa, dunha mesma empresa, poderá acumularse nun ou varios deles, sempre que pertenzan a unha mesma central sindical, aínda que elo permita liberar da súa actividade laboral, total ou parcialmente de calquera deles.

O acordo de acumulación será pactado, en cada caso, a nivel de empresa entre o representante do sindicato e o da empresa, e a designación da persoa ou persoas ás que se aplicará a acumulación de horas derivadas do crédito horario será facultade exclusiva do sindicato de que se trate, o cal comunicará a súa decisión ao respecto á empresa.

Artigo 26. Permiso retribuído

Os permisos retribuídos regúlanse polo disposto no artigo 37 do estatuto dos traballadores.

Os traballadores disfrutarán de 1 día de permiso retribuído, que se poderá acumular unha vez ao ano aos

permisos legalmente establecidos no [artigo 37](#) , paragrafo 3.º a), b) e c) do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 27. Incapacidade temporal

Cando o traballador fose afectado por Incapacidade Temporal (IT), as empresas complementarán as prestacións económicas que teñan dereito a percibir da seguridade social nos seguintes supostos:

1.º. Cando a IT derive de accidente de traballo ou enfermidade profesional, a empresa completará até chegar ao 100% da base de cotización para esta continxencia desde o primeiro día até un máximo de 80 días.

2.º. Cando a IT derive de enfermidade común ou accidente non laboral, a empresa aboará un 15% da base de cotización diaria a partir do 4.º día até un máximo de 70 días.

3.º. Cando sexa precisa hospitalización do traballador tanto se se debe a enfermidade ou a accidente, a empresa completará até chegar ao 100% da base diaria de cotización desde o momento en que esta se produza e mentres a hospitalización dure, cun máximo de 120 días.

As empresas, dacordo co establecido no artigo 20 do estatuto dos traballadores, poderán verificar o estado de enfermidade ou accidente do traballador mediante o oportuno recoñecemento médico.

Artigo 28. Indivisibilidade do convénio

O convenio considerarase un todo indivisible de xeito que, se non fora aprobado na súa integridade, quedará anulado, debendo as partes negociar outro novo.

Artigo 29. Normas supletorias

En todo aquilo que non figure regulado polo presente convenio aplicarase o Estatuto dos Traballadores, o [Real Decreto 1.561/95 \(RCL 1995, 2650\)](#) , o convenio n.º 153 da OIT, e o Regulamento da C.E.E. 561/2006, dende a súa entrada en vigor, e demais lexislación vixente.

Ambas as partes reservaranse o dereito de acudir á xurisdición laboral no caso de que consideren que algún precepto do convenio vulnere ou contradiga normas de dereito necesario.

Artigo 30. Modalidades de contratación

Complementando a normativa vixente na materia, establécense as seguintes modificacións na mesma:

a) Contrato para a formación.

Poderán efectuarse contratos para a formación cunha duración máxima de dous anos, nos termos previstos no artigo 11 do Estatuto dos Traballadores e normas de desenvolvemento, para todas as categorías profesionais en que legalmente sexa posible, agás para mozos de garaxe e taller.

O salario de contratación será igual ao 90% e 100% do salario base da súa categoría profesional durante, respectivamente o primeiro e o segundo ano de vixencia do contrato.

b) Contrato en practicas.

Poderán concertarse contratos en prácticas, cunha duración máxima de dous anos nos termos establecidos no artigo 11 do Estatuto dos Traballadores e normas de desenvolvemento.

A retribución dos traballadores cun contrato en prácticas será do 90% e 100% do salario base da súa categoría profesional durante, respectivamente, o primeiro e o segundo ano de vixencia do contrato.

c) Contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

Poderán celebrarse contratos por circunstancias da produción nos termos establecidos no artigo 15.1b) do Estatuto dos Traballadores e normas de desenvolvemento.

Poderán celebrarse por períodos que, un a un ou en conxunto, non superen 12 meses dentro do período de 18 meses.

O seu réxime xurídico, agás no que atinxe á súa duración, será equivalente ao do contrato indefinido en canto ao disfrute de beneficios salariais (antigüidade e réxime de complementos) e non salariais (permisos, licencias, indemnizacións legalmente establecidas por ano de servizo no caso de despedimento disciplinario declarado improcedente, etc...)

d) Contrato fixo-discontinuo

As empresas que saturen con outras actividades a xornada de traballo dos traballadores contratados para realizar transporte escolar, ben a través de concesións públicas ou ben a iniciativa propia ou por concerto con APAS ou colexios públicos ou privados, deberán utilizar a presente modalidade contractual cuxas características son as que seguen:

1. Fíxase o período de actividade a que se refire dito contrato en función do que cada ano determine o organismo competente como inicio e remate do curso escolar.

2. A provisión de postos de traballo desta modalidade contractual efectuarase por rigorosa antigüidade do traballador na empresa en contratos desta modalidade.

3. O chamamento deberá efectuarse con 7 días de antelación á data de inicio de actividade, comunicándoo simultaneamente aos representantes dos traballadores.

4. A anterior data será a data de inicio das eventuais reclamacións por despedimento nos supostos de non chamamento.

e) CONTRATOS A TEMPO PARCIAL:

Os contratos a tempo parcial, de acordo co recollido no artigo 12.4 do Estatuto dos Traballadores, deberán formalizarse por escrito, no modelo establecido ao efecto, facendo constar o número de horas ordinarias de traballo (diarias, semanais, mensuais ou anuais) e a súa distribución.

Artigo 31. Mobilidade xeográfica

a) Desprazamentos.

As empresas poderán desprazar ao seu persoal a centros de traballo distintos a aquel no que presten os seus servizos fundamentando dito desprazamento en razóns técnicas, organizativas, de produción, ou de contratación.

b) Traslado.

Enténdese por traslado o desprazamento a outro centro de traballo que implique un cambio de enderezo. Enténdese que un desprazamento implica cambio de enderezo cando o centro de traballo ou novo destino diste máis de 40 quilómetros do seu centro ou do seu enderezo actuais.

Para os supostos de traslados de persoal polos motivos contemplados na Lei, establécense os mecanismos que seguen:

- Negociación preceptiva coa representación legal dos traballadores.
- Intervención dos mecanismos do AGA.
- Preaviso de 45 días.
- Prazo de incorporación ao novo centro de traballo 30 días.
- Os traslados non terán unha duración inferior a 12 meses nun período de 3 anos.

- Se, por traslado, un dos cónxuxes cambia de residencia, o outro, se fose traballador da mesma empresa, terá dereito ao traslado á mesma localidade.

Os casos de traslado darán lugar ao devengo polo traballador trasladado dos seguintes conceptos compensatorios:

- Billete para o traballador e os familiares que vivan as súas expensas.
- Transporte do mobiliario, roupa e enseres do seu fogar.
- Indemnización consistente e dúas veces o salario base mensual da súa categoría profesional, nun único pagamento.
- Compensación durante 12 meses na diferenza do custe de vivenda en aluguer (vivenda das mesmas características).
- Notificada a decisión de traslado, o traballador poderán optar pola extinción do seu contrato, percibindo unha indemnización de 25 días de salario por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos inferior a un ano e cun máximo de 12 mensualidades.

Artigo 32. Cláusula de descolgue salarial

Para as empresas que pretendan acollerse á cláusula regulada no presente artigo establécense os mecanismos do artigo 82 do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 33. Saúde laboral

Establécese unha Comisión de Saúde Laboral de carácter técnico e consultivo con vistas a facer previsións sobre saúde e riscos laborais, que se adapten aos requirimentos deste sector en materias como:

- protocolo de avaliación e revisión de autobuses.
- Itinerarios de vixilancia da saúde.
- Outras materias de configuración especializada no transporte.

Artigo 34. Formación

Tanto o custe en diñeiro como o tempo invertido na renovación do CAP, irán a cargo da empresa, entendendo que ese tempo o absorberá o tempo dedicado á formación regulado no vixente art. 23.3 do Estatuto dos Traballadores unicamente na contía empregada na realización do CAP, quedando o resto de horas formativas a disposición do traballador.

Artigo 35. Subrogación do persoal

1.º O previsto no presente artigo e seguintes será de aplicación aos servizos de transporte regular permanente de uso xeral, urbanos ou interurbanos, e regular de uso especial ou temporal de viaxeiros por estrada e o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade (065) con vehículos de tracción mecánica de mais de nove prazas incluída a de condutor, así como ao persoal de estacións de autobuses, prestados en réxime de concesión administrativa ou por calquera das fórmulas de xestión indirecta de servizos públicos contempladas na Lei de Contratos do Sector Público. E todo iso con independencia de que a Empresa que preste ou vaia a prestar este tipo de servizos se dedique a outra actividade de transporte ou da industria ou os servizos.

O disposto no presente Convenio non prexulga a aplicación, cando cumpra, do regulado no artigo 44 do Estatuto de os Traballadores en orde á sucesión de empresas.

2.º O disposto neste Convenio en orde á sucesión e subrogación empresarial non será de aplicación nos supostos nos que a empresa saínte teña o carácter de Administración pública, estatal, autonómica, local ou institucional, nin cando se trate de empresas, entes ou organismos públicos dependentes de calquera das

Administracións anteriormente citadas, salvo que as súas relacións laborais sexan reguladas polos convenios colectivos territoriais e/ou autonómicos do ámbito funcional do presente acordo.

3.º O presente título ten como finalidade regular a situación dos contratos de traballo dos empregados de empresas concesionarias/prestatarias adscritos a este tipo de transporte de viaxeiros que finalicen por transcurso do seu prazo de otorgamento, ou por calquera outra causa, e sexan obxecto dun novo procedemento de selección dun novo prestatario do servizo (empresa entrante). O regulado no presente convenio será de aplicación igualmente nos supostos nos que o servizo de transporte obxecto de licitación fose reordenado, unificado, modificado ou se lle dese outra denominación pola Administración titular.

4.º Aos efectos do presente artigo considérase «Condutor/a adscrito/a» a todo aquel/lla, que realice o seu traballo de forma habitual nos servizos relacionados no punto 1º deste artigo. Non perde esta consideración o Condutor/a que puntualmente poida prestar servizos de transporte diferentes a aquel ao que se encontre adscrito, sempre que en termos de xornada anual, estes últimos servizos non superen o 35 % da xornada máxima ordinaria prevista no convenio colectivo, para o período avaliado, contemplada proporcionalmente nos supostos de contratos a tempo parcial, nos últimos catro meses efectivamente traballados inmediatamente anteriores á data de vencemento da concesión.

5.º En relación co resto do persoal (Taquilleros, Talleres, Administración, Xestión, Explotación, Loxística e demais departamentos ou seccións) pertencentes a outras categorías ou grupos profesionais, consideraranse adscritos ao servizo, e por iso suxeitos de subrogación, a aqueles empregados que desenvolvan a súa actividade, aínda que sexa en parte, no servizo concesional afectado.

6.º En cuanto a dereitos de información e consultas, as empresas virán obrigadas a entregar aos seus representantes sindicais, documentación acreditativa dos traballadores/as adscritos en cada momento, a cada unha das concesións que teñan adxudicadas, descritos nos apartados 4.º e 5.º anteriores. En ausencia de representación sindical, será a cada traballador da empresa ao que se lle comunique de maneira fehaciente dita adscripción. En ausencia de representación sindical nas empresas, se dará traslado á Comisión Paritaria deste Convenio da información facilitada ao Ministerio ou Administración correspondente a efectos de dotación de persoal adscrito á concesión, no momento que sexa solicitada por este. No ámbitos sectoriais inferiores se poderán regular e exixir estes mesmos procesos ou obrigación de información e consulta.

Artigo 35.1. Vinculación

As disposicións contempladas nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas, xurídicas, técnicas e económicas que disciplinen os correspondentes procedementos concursais, por o seu carácter de normas de contratación administrativas (e aínda que recollen previsións en orden ao réxime de subrogación do persoal), non afectarán, ni restrinxirán a eficacia e carácter vinculante do regulado no presente convenio. Se nos devanditos pregos non se recollese cláusula nin disposición relativa á subrogación nos contratos de traballo dos empregados da empresa saínte, ou se establecese a non aplicación para determinados colectivos, -ou non se fixese referencias a eles ou non se mencionasen-, ou establecesen un número de traballadores inferior aos adscritos por aplicación do presente Convenio, será igualmente vinculante en toda a súa integridade o previsto no presente Convenio, pola súa natureza vinculante na orde laboral, e para os traballadores afectados pola subrogación. Tanto nun como noutro caso, a subrogación terá carácter obrigatorio para as empresas e os traballadores afectados nos termos que se contemplan nos repetidos pregos e no presente Convenio, excepto resolución xudicial pola que se demostre dolo, mala fe ou unha práctica irregular na adscripción de traballadores á concesión suxeita a cambio de operador. Aos efectos do presente artigo entenderase como “práctica irregular na adscripción” o feito de que un traballador, estando adscrito a un servizo concesional determinado (todo iso nos termos definidos en o artigo 35-4.º), non sexa considerado tal ou se adscriba a un servizo concesional diferente.

Artigo 35.2. Antigüidade

En liña co compromiso de tolerancia cero, cara a calquera conduta constitutiva de acoso, recoméndase que esta materia se inclúa nos programas de formación existentes na empresa. Devanditos programas formativos deberán ir dirixidos a todo o persoal. Así mesmo, deberán ter por obxecto a identificación dos factores que contribúen a crear unha contorna laboral exento de acoso, e a que os participantes sexan plenamente conscientes das súas responsabilidades no marco da política empresarial contra o mesmo.

DEFINICIÓN DE ACOSO SEXUAL

O acoso sexual é a conduta de natureza sexual, ou outros comportamentos baseados no sexo, que afectan á dignidade da muller e do home no traballo, e que se exteriorizan por medio dun comportamento físico ou verbal manifestado en actos, xestos ou palabras, cuxo suxeito activo debe saber que dita conduta é socialmente reprochable e sabe, por manifestacións do suxeito pasivo, que dita conduta é indeseada pola vítima.

Así mesmo o acoso debe ser ponderado obxectivamente como capaz de crear un ambiente ou clima de traballo odioso, ingrato ou incómodo.

Poderán ser suxeitos da conduta descrita calquera persoa relacionada coa vítima por causa do traballo e/ou a realizada prevaléndose dunha situación de superioridade.

En canto ao suxeito activo considerárase acoso cando proveña de xefes, compañeiros e mesmo clientes, provedores ou terceiros relacionados coa vítima por causa do traballo.

En canto ao suxeito pasivo este sempre quedará referido a calquera traballador, independentemente do nivel do mesmo e da natureza da relación laboral.

A conduta de acoso poderá ser de carácter ambiental ou de intercambio. A título de exemplo, e sen ánimo excluínse nin limitativo, considéranse comportamentos que, por si sós ou xunto con outros, poden evidenciar a existencia dunha conduta de acoso sexual, as seguintes:

- DE CARÁCTER AMBIENTAL

- Observacións suxestivas, bromas, ou comentarios obre a aparencia ou condición sexual do traballador/a.
- O uso de gráficos, viñetas, debuxos, fotografías ou imáxenes de Internet de contido sexualmente explícito.
- Chamadas telefónicas, cartas ou mensaxes de correo electrónico de carácter ofensivo, de contido sexual.

- DE INTERCAMBIO

- O contacto físico deliberado e non solicitado, ou un acercamento físico excesivo ou innecesario.
- Invitacións persistentes para participar en actividades sociais lúdicas, a pesar de que a persoa obxecto das mesmas deixe claro que resultan non desexadas e inoportunas.
- Invitacións impúdicas ou comprometedoras e peticións de favores sexuais, cando as mesmas asóciense, por medio de actitudes, insinuacións ou directamente a unha mellora das condicións de traballo, á estabilidade no emprego ou afectar á carreira profesional e/ou existan ameazas no caso de non acceder a vítima.

• Calquera outro comportamento que teña como causa ou como obxectivo a discriminación, o abuso, a vexación ou a humillación do traballador/a por razón da súa condición sexual.

O acoso sexual distínguese das aproximacións libremente aceptadas ou toleradas e recíprocas, na medida en que as condutas de acoso sexual non son desexadas pola persoa que é obxecto delas. Un único episodio non desexado pode ser constitutivo de acoso sexual.

O ámbito do acoso sexual será o centro de traballo e si prodúcese fóra do mesmo deberá probarse que a relación é por causa directa ou como consecuencia ligada ao traballo.

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN

O procedemento deberá ser áxil e rápido, outorgándolle credibilidade, garantíndose a protección do dereito á intimidade e confidencialidade das persoas afectadas e a non explicación repetida dos feitos por parte do acosado, salvo que sexa estritamente necesario. Así mesmo, protexerase a seguridade e a saúde da vítima.

Para iso, as partes asinantes acordan a creación da figura de dous “asesores/as confidenciais”, cuxa misión será a de canalizar as queixas e denuncias que por acoso, en calquera das súas manifestacións, prodúzanse, actuando co traballador/a, ou no seu lugar, con autorización expresa deste, para tratar de chegar a unha solución do conflito.

A este fin, concédenselle aos asesores/as facultades suficientes para dirixirse a calquera empregado da Entidade, con independencia do seu nivel xerárquico na mesma, co obxecto de obter a información necesaria para a resolución amigable do conflito, como exemplo meramente informativo e non restritivo, os asesores poderán:

1. Testemuño do/a denunciante e denunciado
2. Testemuño das posibles testemuñas, compañeiros.
3. Testemuño mandos directos dos implicados
4. Todas aquelas actuacións que axuden a esclarecer os feitos denunciados

Estes asesores/as serán designados, un polo comité de empresa e o outro pola propia empresa.

Créase unha Comisión de Seguimento de situacións de acoso no traballo, que estará formada por:

- Un representante do Comité de Empresa
- Un representante da Empresa

Esta comisión será convocada pola Dirección de Recursos Humanos, cando o estime conveniente, ou a petición de calquera dos membros da Comisión.

Calquera traballador/a que entenda que as condutas de que está a ser obxecto poden ser constitutivas de acoso, tanto moral como sexual, dirixirase a través do medio que estime oportuno a calquera dos “asesores/as confidenciais”, ben directamente, ou ben, a través dun representante sindical, ou de calquera outro traballador.

Unha vez que os asesores/as teñen coñecemento do problema exposto, solicitarán por escrito e convenientemente asinada a denuncia efectuada polo traballador/a.

Facendo uso das facultades que mediante este protocolo concédenselles, tratarán de obter unha resolución adecuada do conflito exposto, que deberán aceptar as partes implicadas no mesmo, manifestándoo por escrito.

Si non se consegue unha resolución, persistindo a denuncia, os asesores/as procederán a trasladala á Dirección achegando á mesma a información obtida por eles, así como un informe das xestións efectuadas para tratar de lograr a devandita solución e unhas conclusións sobre a denuncia e as medidas sancionadoras, si procedesen, que se deberían levar a cabo.

O prazo para as medidas disciplinarias comeza cando se entregue o informe.

DISPOSICIÓN FINAL

O contido do presente Protocolo é de obrigado cumprimento, entrando en vigor a partir da súa comunicación ao persoal a través dos medios existentes en Nome da empresa manténdose vixente en tanto que a normativa legal ou convencional non obrigue á súa adecuación ou que a experiencia indique o seu necesario axuste.

O presente procedemento non impide a utilización, paralela ou posterior por parte da vítima, das vías administrativa e/ ou xudicial (civil ou penal).

...”

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación das táboas salariais definitivas do ano 2019 do convenio colectivo do transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, anos 2018-2020

Con data 21 de maio de 2019 tivo entrada no rexistro de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia a acta do 06 de febreiro de 2019 da comisión paritaria do convenio colectivo de “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANOS 2018-2020” (código de convenio colectivo 15001545011981), onde se contén o acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2019.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro), modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña é competente para resolver a inscrición do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2019 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANOS 2018-2020”, e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2019 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANOS 2018-2020” no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2019 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA, ANOS 2018-2020” ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 05 de xuño de 2019.

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE A CORUÑA, 06 DE FEBREIRO DE 2019

ASISTENTES

Por as asociacións empresariais:

Fátima Valiño Rodríguez (FEGATRAVI)

Jesus Queijeiro Bello (TRANSVIAC)

Eugenio Geijo Carril (TRANSVIAC)

Javier de Bidegaín García (FEGATRAVI)

Por as organizacións sindicais:

Miguel Ángel Reboiras Casais (UGT)

Manuel J. Castiñeiras Calviño (UGT)

José L. Corral Mosquera (CIG)

Celestino Rivas Prieto (CIG)

Juan Pereira Miramontes (CC.OO.)

Juan J. Rubianes López (CC.OO.)

Asesores:

José A. López Ferreiro (UGT)

Ramón Martínez Vede (UGT)

Cándido Prieto Lago (CIG)

Gabriel Muxico (CIG)

Xesús M..^a.Pastoriza Santamarina (CIG)

Pedro Beade Roel (CC.OO.)

Joaquín García Gutierrez (CC.OO.)

En A Coruña, sendo as 17.00 horas do día 6 de febreiro de 2019, nos locais de CC.OO. en A Coruña, reúnen-se as persoas arriba citadas, todas elas membros da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do Transporte de Viaxeiros en Autobús por Estrada da Provincia de A Coruña, para proceder a revisar as táboas salariais.

Acórdase revisar as táboas salariais do ano 2018 co incremento pactado en Convenio Colectivo para o ano 2019 e que será de un 1,7%.

Neste mesmo acto procédese á sinatura das táboas salariais do ano 2019 que se adxuntan a esta aqcta.

Acórdase remitir os documentos necesarios ao Consello Galego de Relacións Laborais para que, na persoa que eles designen, procedan aos trámites de rexistro e posterior publicación no diario oficial correspondente.

Sendo as 18.00 horas no mesmo día e lugar, as partes dan por finalizada a reunión.

ANEXO I
TÁBOAS SALARIAIS ANO 2019

GRUPO I	
Enxeñeiros e Licenciados	1.249,65 €
Enxeñeiros Tec. e Aux.	1.078,22 €
A.T.S.	1.047,94 €
Inspector Principal	1.226,74 €
X. Trafico 1. ^a	1.062,15 €
X. Trafico 2. ^a	1.062,15 €
X. Trafico 3. ^a	1.062,15 €
X. Seccion	1.109,51 €
X. Negociado	1.074,07 €
X. Admon 1. ^a	1.145,51 €
X. Admon 2. ^a	1.059,65 €
Encargado	1.048,31 €
X. Servizos	1.326,14 €
X. Taller	1.186,16 €
GRUPO II	
Inspector (salario diario)	33,68 €
Condutor-perceptor (salario diario)	33,22 €
Condutor (salario diario)	32,79 €

GRUPO III		
Cobrador (salario diario)		32,21 €
Taquilleiros		964,38 €
Oficial 1.ª admon		1.020,25 €
Oficial 2.ª admon		1.020,25 €
Auxiliar Admon.		949,08 €
Factores		964,38 €
GRUPO IV		
X. de equipo (salario diario)		33,69 €
Oficial 1.ª taller (salario diario)		33,28 €
Oficial 2.ª -3.ª taller (salario diario)		32,21 €
Engrasador - lavacoche (salario diario)		32,21 €
Mozo (salario diario)		31,72 €
Repartidor (salario diario)		31,72 €
GRUPO V		
Garda noite/día (salario diario)		31,72 €
Acompañante ruta/escolar (salario diario)		31,72 €
Limpiador/a (salario por hora)		3,56 €
Outros conceptos		
Plus convenio/ano		812,93 €
Plus convenio/mes		67,39 €
Plus consolidado		0,92 €
Plus actividades complementarias		91,29 €
Quebranto moeda		34,66 €
Plus compensación		79,55 €
Dieta completa Galicia		42,12 €
Media dieta Galicia		14,04 €
Dieta completa fora de Galicia		53,14 €
Media dieta fora de Galicia		17,72 €
Dieta espera art. 15		2,19 €
Interrupción xornada		2,65 €

2019/4657

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación da acta da comisión paritaria do convenio de transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña

Logo de ver o texto da acta do 06 de febreiro de 2019 da comisión paritaria do convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña onde se contén o resultado do debate das solicitudes feitas pola C.I.G. referentes á antigüidade dos fixos-discontinuos e á interpretación da saída e retorno do produtor para ter dereito a cobrar dieta (código de convenio 15001545011981).

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña é competente para resolver a inscrición do resultado do debate das solicitudes feitas pola C.I.G., referentes á antigüidade dos fixos-discontinuos e á interpretación da saída e retorno do produtor para ter dereito a cobrar dieta, e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición da acta do 06 de febreiro de 2019 da comisión paritaria do convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión da acta do 06 de febreiro de 2019 da comisión paritaria do convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña ao Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 11 de xuño de 2019.

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE A CORUÑA, 06 DE FEBREIRO DE 2019

ASISTENTES

Por as asociacións empresariais:

Fátima Valiño Rodríguez (FEGATRAVI)

Jesus Queijeiro Bello (TRANSVIAC)

Eugenio Geijo Carril (TRANSVIAC)

Javier de Bidegaín García (FEGATRAVI)

Por as organizacións sindicais:

Miguel Ángel Reboiras Casais (UGT)

Manuel J. Castiñeiras Calviño (UGT)

José L. Corral Mosquera (CIG)

Celestino Rivas Prieto (CIG)

Juan Pereira Miramontes (CC.OO.)

Juan J. Rubianes López (CC.OO.)

Asesores:

José A. López Ferreiro (UGT)

Ramón Martínez Vede (UGT)

Cándido Prieto Lago (CIG)

Gabriel Muxico (CIG)

Xesús M.^a Pastoriza Santamarina (CIG)

Pedro Beade Roel (CC.OO.)

Joaquín García Gutierrez (CC.OO.)

En A Coruña, sendo as 17.00 horas do día 6 de febreiro de 2019, nos locais de CC.OO. en A Coruña, reúnen-se as persoas arriba citadas, todas elas membros da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do Transporte de Viaxeiros en Autobús por Estrada da Provincia de A Coruña, para proceder a debater as solicitudes feitas pola CIG referentes á antigüidade dos fixos-discontinuos e á interpretación da saída e retorno do produtor para ter dereito a cobrar dieta.

1.–Con respecto á consulta sobre a antigüidade dos fixos-discontinuos, a CIG ratifícase na súa interpretación de que se debe computar a antigüidade por cada ano en que se traballa e non polo tempo efectivamente traballado. A esta solicitude e interpretación súmanse CC.OO. e UGT.

A representación empresarial considera que a solicitude non é unha cuestión de interpretación, senón que é algo novo que debe ser negociado no próximo convenio.

2.–Con respecto á consulta sobre a definición de saída e retorno do produtor, a CIG ratifícase na súa interpretación de que a saída ou o retorno refírese ao domicilio, e dicir, a empezar ou acabar de traballar. A esta solicitude e interpretación súmanse CC.OO. e UGT.

A representación empresarial considera que a solicitude non é unha cuestión de interpretación, senón que é algo novo que debe ser negociado no próximo convenio.

Acórdase remitir os documentos necesarios ao Consello Galego de Relacións Laborais para que, na persoa que eles designen, procedan aos trámites de rexistro e posterior publicación no diario oficial correspondente.

Sendo as 19.00 horas no mesmo día e lugar, as partes dan por finalizada a reunión.

2019/4750

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscripción e publicación do acordo que contén a táboa salarial para o ano 2020 do convenio colectivo transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña anos 2018-2020

Con data 18 de febreiro de 2020 tivo entrada no rexistro de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia a acta do 12 de febreiro de 2020 da comisión paritaria do convenio colectivo de “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA ANOS 2018-2020” (código de convenio colectivo 15001545011981), onde se contén o acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2020.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña é competente para resolver a inscripción do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2020 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA ANOS 2018-2020”, e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscripción do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2020 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA ANOS 2018-2020” no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do acordo sobre as táboas salariais definitivas do ano 2020 do convenio colectivo “TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA ANOS 2018-2020” ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 24 de febreiro de 2020.

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

ACTA DA DCOMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE A CORUÑA, 12 DE FEBREIRO DE 2020

ASISTENTES

Polas asociacións empresariais:

Jesús Queijeiro Bello (TRANSVIAC)

Eugenio Geijo Carril (TRANSVIAC)

Javier de Bidegaín García (FEGATRAVI)

Por as organizacións sindicais:

Miguel Ángel Reboiras Casais (UGT)

Manuel J. Castiñeiras Calviño (U.G.T.)

Celestino Rivas Prieto (CIG)

Xesús M.ª Pasteriza Santamarina (C.I.G.)

Juan Pereira Miramontes (CC.OO.)

Joaquín García Gutiérrez (CC.OO.)

Pedro Beade Roel (CC.OO.)

En A Coruña, sendo as 17.00 horas do día 12 de febreiro de 2020, reúnen-se as persoas arriba citadas, todas elas membros da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do Transporte de Viaxeiros en Autobús por Estrada da Provincia de A Coruña, para proceder a revisar as táboas salaríais.

Acórdase revisar as táboas salaríais do ano 2019 co incremento pactado en convenio colectivo para o ano 2020 e que será de un 1,8%.

Neste mesmo acto procédese á sinatura das táboas salaríais do ano 2020 que se adxuntan a esta acta.

Acórdase remitir os documentos necesarios ao Consello Galego de Relacións Laborais para que, na persoa que eles designen, procedan aos trámites de rexistro e posterior publicación no diario oficial correspondente.

Sendo as 18.00 horas as partes dan por finalizada a reunión.

TÁBOAS SALARIAIS ANO 2020

Grupo I	Enxeñeiros/as e licenciados/as	1.272,14 €
	Enxeñeiros/as técnicos e Aux.	1.097,63 €
	A.T.S.	1.066,80 €
	Inspector principal	1.248,82 €
	X. Tráfico 1ª	1.081,27 €
	X. Tráfico 2ª	1.081,27 €
	X. Tráfico 3ª	1.081,27 €
	X. Sección	1.129,48 €
	X. Negociado	1.093,40 €
	X. Admon 1ª	1.166,13 €
	X. Admon 2ª	1.078,72 €
	Encargado	1.067,18 €
	X. Servicios	1.350,01 €
	X. Taller	1.207,51 €
	Grupo II	Inspector (salario diario)
Condutor/a-perceptor (salario diario)		33,82 €
Condutor (salario diario)		33,38 €
Grupo III	Cobrador (salario diario)	32,79 €
	Taquilleiros/as	981,74€
	Oficial 1ª admon	1.038,61 €
	Oficial 2ª admon	1.038,61 €
	Auxiliar admon	966,16 €
	Factores	981,74 €
Grupo IV	X. de equipo (salario diario)	34,30€
	Oficial 1ª taller (salario diario)	33,88 €
	Oficial 2ª – 3ª taller (salario diario)	32,79 €
	Engrasador/a - lavacoches (salario diario)	32,79 €
	Mozo/a (salario diario)	32,29 €
	Repartidor/a	32,29 €
Grupo V	Garda noite/día (salario diario)	32,29 €
	Acompañante ruta/escolar (salario diario)	32,29 €
	Limpador/a (salario por hora)	6,33 €
Outros conceptos	Plus convenio/ano	827,56 €
	Plus convenio/mes	68,62 €
	Plus consolidado	0,92 €
	Plus actividades complementarias	92,93 €
	Quebranto moeda	35,28 €
	Plus compensación	80,98 €
	Dieta completa Galicia	42,88 €

Media dieta Galicia	14,29
Dieta completa fora de Galicia	54,10
Media dieta fora de Galicia	18,04
Dieta espera art. 15	2,23
Interrupción xornada	2,70

2020/1572



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación do acordo da comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña (expediente AGA 51/23)

O 27 de xuño de 2023 tivo entrada no rexistro de acordos e convenios colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON) a solicitude de inscrición da acta de ratificación e aplicación do acordo do expediente AGA 51/23, da comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

No escrito asinado con data 27/06/2023 pola secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, explíciase que o 16 de xuño de 2023 a comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo de referencia asinou a aplicación salarial segundo o acordado no expediente AGA 51/23 e que se presente este acordo diante da autoridade laboral para os efectos de rexistro, depósito e publicación oficial, de ser o caso, para dar cumprimento ao Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Desta maneira, conclúese que se pode inscribir o referido acordo, ao abeiro do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no referido Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Esta xefatura territorial é competente para resolver a inscrición deste convenio colectivo, ao abeiro do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, de 8 de xullo de 2022).

Así, consonte o anterior, RESOLVO:

1. Inscibir no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia a acta de ratificación e aplicación do acordo do expediente AGA 51/23, da comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña.

2. Ordenar que se remita ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 13 de xullo de 2023

A xefa territorial de Promoción do Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baró

ACTA PROVINCIAL DE RATIFICACIÓN E APLICACIÓN DO ACORDO DO EXPDTE. AGA 51/23 - CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA PROVINCIA DE A CORUÑA

En Santiago, a 16 de xuño de 2023, sendo las 11.00 horas, reúnese na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, a comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE A CORUÑA, coa asistencia das seguintes persoas, as cales se recoñecen lexitimación mutua para este acto.

Representación sindical

- Iván Cancela Romero (UGT)
- Juan Pereira Miramontes (CCOO)
- Gumersindo Peña Meijomín (CIG)

Representación empresarial

- José Carlos García Cumplido (TRANSGACAR)

- Fernando Javier de Bidegain García (FEGATRAVI)
- Jesús Lurigados Veiga (ANETRA GALICIA)
- José Menéndez Zapico (FEGABUS)

Tras varias deliberacións adóptanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Realizar a aplicación salarial segundo o acordado no expediente do AGA 51/23, sendo expresado nas táboas salariais anexas á presente acta. Dito acordo salarial será trasladado ó texto final do convenio provincial unha vez acadado un acordo final na mesa de negociación da provincia.

SEGUNDO.- Si a suma do conxunto das retribucións salariais previstas para algún ou algúns dos postos de traballo ou categorías contemplados nas táboas salariais do convenio colectivo resulta inferior ao importe establecido para o SMI, ambos en cómputo anual, dará lugar ao abono dun complemento que será equivalente á diferenza entre o importe do SMI que se fixe para cada ano e as retribucións salariais brutas abonadas no mesmo ano. Este complemento denominarase “**Complemento a SMI**” e será abonado mensualmente en canto se coñeza a diferenza ao comezo de cada ano. Dito complemento terá carácter absorbible e compensable ca finalidade de axustar o devandito complemento ás retribucións salariais brutas anuais das táboas salariais en relación ó SMI.

TERCEIRO.- Acórdase facultar ó Consello galego de relacións laborais para que, na persoa que eles designen, leven a cabo o rexistro e publicación no boletín oficial da provincia do presente acordo.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión sendo as 12,30 horas do día sinalado no encabezamento, asinando os asistentes en proba de conformidade.

DOCUMENTO ANEXO DE IDENTIFICACIÓN DE FIRMAS.

CONVENIO PROVINCIAL TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DE A CORUÑA.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2023.

Parte Patronal:

José Carlos García Cumplido (TRANSGACAR)	José Menéndez Zapico (FEGABUS)	Fernando Javier de Bidegain García (FEGATRAVI)	Jesús Lurigados Veiga (ANETRA GALICIA)
DNI:	DNI:	DNI:	DNI:

Parte Social:

Iván Cancela Romero (UGT)	Juan Pereira Miramontes (CCOO)	Gumersindo Peña Meijomín (CIG)
DNI:	DNI:	DNI:

VIAXEIROS A CORUÑA - Táboas 2023 provisionais (acordo autonómico Expte. AGA 51-23)

Aplicables dende a súa firma e con efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2023

Subida 8%

Grupo I	Enxeñeiros/as e licenciados/as	1.373,91 €
	Enxeñeiros/as técnicos e Aux.	1.185,44 €
	A.T.S.	1.152,14 €
	Inspector principal	1.348,73 €
	X. Tráfico 1ª	1.167,77 €
	X. Tráfico 2ª	1.167,77 €
	X. Tráfico 3ª	1.167,77 €
	X. Sección	1.219,84 €
	X. Negociado	1.180,87 €
	X. Admon 1ª	1.259,42 €
	X. Admon 2ª	1.165,02 €
	Encargado	1.152,55 €
	X. Servicios	1.458,01 €
	X. Taller	1.304,11 €
	Grupo II	Inspector (salario diario)
Conductor/a-perceptor (salario diario)		36,53 €
Conductor (salario diario)		36,05 €
Grupo III	Cobrador (salario diario)	35,41 €
	Taquilleiros/as	1.060,28 €
	Oficial 1ª admon	1.121,70 €
	Oficial 2ª admon	1.121,70 €
	Auxiliar admon	1.043,45 €
	Factores	1.060,28 €
Grupo IV	X. de equipo (salario diario)	37,04 €
	Oficial 1ª taller (salario diario)	36,59 €
	Oficial 2ª - 3ª taller (salario diario)	35,41 €
	Engrasador/a - lavacoches (salario diario)	35,41 €
	Mozo/a (salario diario)	34,87 €
	Repartidor/a	34,87 €
Grupo V	Garda noite/día (salario diario)	34,87 €
	Acompañante ruta/escolar (salario diario)	34,87 €
	Limpador/a (salario por hora)	6,84 €
Outros conceptos	Plus convenio/ano	893,76 €
	Plus convenio/mes	74,48 €
	Plus consolidado	0,92 €
	Plus actividades complementarias	100,36 €
	Quebranto moeda	38,10 €
	Plus compensación	87,46 €
	Dieta completa Galicia	46,31 €
	Media dieta Galicia	15,43 €
	Dieta completa fora de Galicia	58,43 €
	Media dieta fora de Galicia	19,48 €
	Dieta espera art. 15	2,41 €
Interrupción xornada	2,92 €	

VIAXEIROS A CORUÑA - Táboas 2023 definitivas (acordo autonómico Expte. AGA 51-23)

Aplicables dende o 31 de decembro e con efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2023

Subida 12,2% (8% + 4,2%)

Grupo I	Enxeñeiros/as e licenciados/as	1.427,34 €
	Enxeñeiros/as técnicos e Aux.	1.231,54 €
	A.T.S.	1.196,95 €
	Inspector principal	1.401,18 €
	X. Tráfico 1ª	1.213,18 €
	X. Tráfico 2ª	1.213,18 €
	X. Tráfico 3ª	1.213,18 €
	X. Sección	1.267,28 €
	X. Negociado	1.226,79 €
	X. Admon 1ª	1.308,40 €
	X. Admon 2ª	1.210,32 €
	Encargado	1.197,38 €
	X. Servicios	1.514,71 €
	X. Taller	1.354,83 €
	Grupo II	Inspector (salario diario)
Conductor/a-perceptor (salario diario)		37,95 €
Conductor (salario diario)		37,45 €
Grupo III	Cobrador (salario diario)	36,79 €
	Taquilleiros/as	1.101,51 €
	Oficial 1ª admon	1.165,32 €
	Oficial 2ª admon	1.165,32 €
	Auxiliar admon	1.084,03 €
	Factores	1.101,51 €
Grupo IV	X. de equipo (salario diario)	38,48 €
	Oficial 1ª taller (salario diario)	38,01 €
	Oficial 2ª - 3ª taller (salario diario)	36,79 €
	Engrasador/a - lavacoches (salario diario)	36,79 €
	Mozo/a (salario diario)	36,23 €
	Repartidor/a	36,23 €
Grupo V	Garda noite/día (salario diario)	36,23 €
	Acompañante ruta/escolar (salario diario)	36,23 €
	Limpador/a (salario por hora)	7,10 €
Outros conceptos	Plus convenio/ano	928,52 €
	Plus convenio/mes	77,37 €
	Plus consolidado	0,92 €
	Plus actividades complementarias	104,27 €
	Quebranto moeda	39,58 €
	Plus compensación	90,86 €
	Dieta completa Galicia	48,11 €
	Media dieta Galicia	16,03 €
	Dieta completa fora de Galicia	60,70 €
	Media dieta fora de Galicia	20,24 €
	Dieta espera art. 15	2,50 €
Interrupción xornada	3,03 €	



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dirección Territorial da Coruña

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Resolución pola que se inscribe e se ordena publicar o acordo sobre a revisión salarial para o 2024 no marco do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña (código convenio: 15001545011981)

O 18 de abril de 2024 tivo entrada no rexistro de acordos e convenios colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON) a revisión salarial para o 2024 no marco do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña (código convenio: 15001545011981).

No escrito asinado coa mesma data pola secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, explíctase que o día 9 de abril do 2024 se reunira a comisión negociadora do referido convenio colectivo para asinar esta revisión salarial, que se presentaba diante da autoridade laboral para os efectos de rexistro, depósito e publicación oficial para dar cumprimento ao Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e á Orde do 20 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Dirección Territorial de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña é competente para resolver en materia de rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, segundo o disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, de 14 de abril de 2024) e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, de 24 de abril de 2024) de xeito que, de acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscribir o acordo sobre a revisión salarial para o 2024 no marco do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña (código convenio: 15001545011981), no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ordenar que se remita, para a súa publicación, ao boletín oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 6 de maio de 2024

Director Territorial

Pedro Pablo Lorenzo Díaz

ACTA PROVINCIAL DE ACTUALIZACIÓN NA APLICACIÓN DO ACORDO DO EXPDTE. AGA 51/23 - CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA PROVINCIA DE A CORUÑA

En Santiago, a 9 de abril de 2024, sendo las 11.00 horas, reúnese na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, a comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE A CORUÑA, coa asistencia das seguintes persoas, as cales se recoñecen lexitimación mutua para este acto.

Representación sindical

- Iván Cancela Romero (UGT)
- Amador González Pumar (CCOO)
- Xesús María Pastoriza Santamarina (CIG)

Representación empresarial

- José Carlos García Cumplido (TRANSGACAR)
- Fernando Javier de Bidegain García (FEGATRAVI)
- Jesús Lurigados Veiga (ANETRA GALICIA)
- Eugenio Geijo Carril (FEGABUS)

Tras varias deliberacións adóptanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Realizar a aplicación salarial para o ano 2024 segundo o acordado no expediente do AGA 51/23, sendo expresado nas táboas salariais anexas á presente acta con unha suba do 3,1% respecto das táboas definitivas de 2023.

SEGUNDO.- Si a suma do conxunto das retribucións salariais previstas para algún ou algúns dos postos de traballo ou categorías contemplados nas táboas salariais do convenio colectivo resulta inferior ao importe establecido para o SMI, ambos en cómputo anual, dará lugar ao abono dun complemento que será equivalente á diferenza entre o importe do SMI que se fixe para cada ano e as retribucións salariais brutas abonadas no mesmo ano. Este complemento denominarase "**Complemento a SMI**" e será abonado mensualmente en canto se coñeza a diferenza ao comezo de cada ano. Dito complemento terá carácter absorbible e compensable ca finalidade de axustar o devandito complemento ás retribucións salariais brutas anuais das táboas salariais en relación ó SMI.

TERCEIRO.- Dito acordo será trasladado ó texto final do convenio provincial unha vez acadado un acordo final na mesa de negociación da provincia.

CUARTO.- Acórdase facultar ó Consello galego de relacións laborais para que, na persoa que eles designen, leven a cabo o rexistro e publicación no boletín oficial da provincia do presente acordo.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión sendo as 15 horas do día sinalado no encabezamento, asinando os asistentes en proba de conformidade.

VIAXEIROS A CORUÑA - Táboas 2024 (acordo autonómico Expte. AGA 51-23)

Aplicables dende o 1 de xaneiro de 2024

Subida 3,1%

Grupo I	Enxeñeiros/as e licenciados/as	1.471,59 €
	Enxeñeiros/as técnicos e Aux.	1.269,72 €
	A.T.S.	1.234,05 €
	Inspector principal	1.444,61 €
	X. Tráfico 1ª	1.250,79 €
	X. Tráfico 2ª	1.250,79 €
	X. Tráfico 3ª	1.250,79 €
	X. Sección	1.306,56 €
	X. Negociado	1.264,82 €
	X. Admon 1ª	1.348,96 €
	X. Admon 2ª	1.247,84 €
	Encargado	1.234,49 €
	X. Servicios	1.561,67 €
	X. Taller	1.396,83 €
	Grupo II	Inspector (salario diario)
Conductor/a-perceptor (salario diario)		39,12 €
Conductor (salario diario)		38,61 €
Grupo III	Cobrador (salario diario)	37,93 €
	Taquilleiros/as	1.135,66 €
	Oficial 1ª admon	1.201,44 €
	Oficial 2ª admon	1.201,44 €
	Auxiliar admon	1.117,64 €
	Factores	1.135,66 €
Grupo IV	X. de equipo (salario diario)	39,68 €
	Oficial 1ª taller (salario diario)	39,19 €
	Oficial 2ª - 3ª taller (salario diario)	37,93 €
	Engrasador/a - lavacoches (salario diario)	37,93 €
	Mozo/a (salario diario)	37,35 €
	Repartidor/a	37,35 €
Grupo V	Garda noite/día (salario diario)	37,35 €
	Acompañante ruta/escolar (salario diario)	37,35 €
	Limpador/a (salario por hora)	7,32 €
Outros conceptos	Plus convenio/ano	957,31 €
	Plus convenio/mes	79,77 €
	Plus consolidado	0,92 €
	Plus actividades complementarias	107,50 €
	Quebranto moeda	40,81 €
	Plus compensación	93,68 €
	Dieta completa Galicia	49,60 €
	Media dieta Galicia	16,53 €
	Dieta completa fora de Galicia	62,58 €
	Media dieta fora de Galicia	20,87 €
	Dieta espera art. 15	2,58 €
	Interrupción xornada	3,12 €